

ANUNCIO POLO QUE SE FIXA A DATA LÍMITE PARA SOLICITAR OS CAMBIOS DE TITULARIDADE DOS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN, POR TRANSMISIÓN DA PROPIEDAD POR NEGOCIOS XURÍDICOS ENTRE VIVOS OU POR FALECIMENTO DO TITULAR, NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE BUSCÁS (ORDES - A CORUÑA)

O 20.02.2024 a directora xeral de Desenvolvemento Rural ditou resolución, segundo o previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial de Galicia (modificado pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas) na que se acorda establecer como **data límite** para solicitar os **cambios de titularidade dos predios de substitución, por transmisión da propiedade entre vivos ou por falecemento do titular, o 29.02.2024** (inclusive).

Para isto poderán presentar ante o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña:

1. Solicitude cambio de titularidade.
2. Escritura pública da transmisión da titularidade e liquidación do imposto correspondente.
3. O cambio de titularidade por falecemento do titular se tramitará sempre e cando exista partición de herdanza e esta afecte a predios de substitución íntegros.

**Nota:**

En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña  
M<sup>a</sup> Belén Mosquera Val

